


Área / Unidad CONTRATACION CT0000 GVB	Documento 43017I048B	
Código de verificación  2M5Q 2E6S 1Z08 2I0I 12RF	Expediente 526/2020/67	
	Fecha 23-10-2023	

CONTRATO MODIFICACIÓN

Na Casa do Concello da Cidade da Coruña.

Asinantes

Dunha parte, Don José Manuel Lage Tuñas, por delegación da alcaldesa do Concello da Coruña, asistido do Secretario Xeral do Pleno, Don Manuel José Díaz Sánchez, que dá fe do acto, quen actúa por ausencia da oficial maior, Dona María Esther Álvarez Martínez.

E doutra parte, Don Alberto Luis Diéguez Otero, con NIF 34975333S, en representación da Unión Temporal de Empresas formada por Proyecon Galicia, S.A. e Cofrico, S.L. - UTE Birloque- (U72452352), con domicilio en Pereiro de Aguiar, Ourense, Parque Empresarial Pereiro de Aguiar, vial comercial, parcela 30. Actúa como persoa física representante do xerente único da Unión Temporal, Proyecon Galicia, S.A., representación outorgada mediante escritura de constitución desta, formalizada ante o Notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández con data 26 de agosto de 2022, baixo o número 1.586 do seu protocolo. Esta escritura é ratificada polo representante de Cofrico, S.L., que na escritura de constitución foi representado por mandato verbal, mediante escritura outorgada #ante o Notario da Coruña D. Raúl Muñoz Maestre con data 29 de agosto de 2022, baixo o número 5.411 do seu protocolo.

Os comparecentes recoñécense mutua competencia e capacidade para formalizar o presente contrato, conforme os seguintes

Antecedentes administrativos e consideracións legais e técnicas

1º.- A Xunta de Gobierno Local, en sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Adxudicar o procedemento aberto simplificado con diversos criterios de valoración para a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de “Reforma integral de edificio para Centro Cívico Municipal en O Birloque” á UTE Proyecon Galicia, S.A. – Cofrico, S.L., por ser a súa proposición a máis vantaxosa de acordo cos requisitos establecidos nos pregos reguladores da contratación, previos os informes técnicos emitidos pola Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A. e o servizo de Contratación, aprobados pola Mesa de Contratación o 5 de agosto de 2022. Estas obras están cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo De Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020.”

2º.- Con data 17.11.2022, formalizouse o correspondente contrato indicándose na súa cláusula III que o prazo de execución das obras sería de seis meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de reformulo, acto que se produciu o 16.12.2022, fixándose, por tanto, a finalización do prazo de execución das obras o 16.06.2023.

3º.- Con data 28.03.2023, a directora de obra, Sabina Beatriz Lucas Quintáns emite informe no que sinala que, durante a execución das obras, xurdiron variacións nas condicións de partida no proxecto verbo do

estado do edificio polo que solicita a paralización temporal total das obras e a autorización da tramitación dun proxecto modificado segundo o artigo 242, apartado 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en adiante LCSP.

4º.- O 10.03.2023, asínase a Acta de Suspensión de Obra pola dirección facultativa da obra, a supervisora municipal e pola empresa contratista.

5º.- O 26.04.2023, a Dirección da obra emite informe favorable sobre a necesidade da tramitación dun proxecto modificado para a correcta execución das obras.

6º.- O 27.04.2023, a supervisora municipal da obra co visto e prace da xefa de Servizo de Edificación emitiu informe favorable sobre a modificación proposta, solicitando ao órgano de contratación a aprobación dun modificado do proxecto de “Reforma integral de edificio para Centro Cívico Municipal en O Birloque”.

7º.- O 08.05.2023, o concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, aprobou a resolución de suspensión da execución do contrato con efectos desde o 10.03.2023, data da sinatura da Acta de Suspensión, ata o día seguinte da aprobación da Acta de Replanteo do novo proxecto modificado.

8º.- O 18.07.2023, a arquitecta titulada, Sabina Beatriz Lucas Quintáns, COAG núm.: 4241, elabora e firma o proxecto modificado núm. 1 “Modificado de reforma integral de edificio para centro cívico municipal en O Birloque”, cun orzamento base de licitación de 944.572,72 € (IVE incluído) que inclúe o documento denominado “Documento xustificación prezos novos” onde se desagregan e xustifican os prezos aplicables ao proxecto modificado.

9º.- O 01.08.2023, a arquitecta municipal e xefa do Servizo de Edificación, emite informe de supervisión favorable sobre o antedito proxecto modificado que contemplan as actuacións necesarias para a correcta execución das obras tendo en conta as variacións sobre o estado do edificio atopadas ao comezo de ditas obras.

10º.- O xefe de departamento D. Emilio Lesta Casal, a Coordinadora xeral da área de Benestar Social, María Carmen Pita Seijas e a Concelleira delegada responsable da área de Benestar Social, Eudoxia María Neira Fernández, remiten ao Servizo de Contratación proposta para a aprobación da modificación do contrato, dado que se incorpora ao expediente o Proxecto modificado nº 1 redactado pola arquitecta Sabina Beatriz Lucas Quintans, redactora do proxecto inicial e directora das obras.

Neste sentido, indica a redactora do proxecto: *“Se estima para la ejecución de los trabajos recogidos en el presente documento un plazo de ejecución de las obras de 6 meses, con un incremento de un mes por actuaciones en proyecto modificado, siendo en total el plazo de ejecución de 7 meses..”*

Inclúese así mesmo no expediente o informe favorable de supervisión emitido pola supervisora municipal, a arquitecta Xefa de Servizo de Edificación, D^a Beatriz Moar Ulloa, sobre o proxecto modificado e, polo tanto, a súa aprobación.

11.º A normativa aplicable á modificación do contrato de obras vén dada polo disposto nos artigos 190.º, 191, 203 a 207 e 242 da LCSP, en concordancia coa cláusula 56.º.B) do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador da licitación.

Así, o art. 190 da LCSP consagra, entre as prerrogativas da Administración en materia de contratación pública, a potestade de modificación do contrato.

E o artigo 205 da LCSP habilita no seu apartado 1 a aprobación de modificacións non previstas no Prego, sempre que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria, e cuxa xustificación estea comprendida nalgún dos supostos que se describen no apartado 2 do citado artigo, entre eles “Quando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

12º.- Non será de aplicación o que establece o art. 191.3 LCSP sobre a necesidade de ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, dado que non concorren na modificación que se propón ningún dos supostos que indica este artigo. Todo iso sen prexuízo do informe da Asesoría Xurídica municipal.

13º.- De acordo co que dispón o art. 109.3 LCSP, polo contratista deberá procederse ao reaxuste da garantía definitiva constituída para responder do contrato inicial, na cantidade de 5.963,17 €, a fin de manter a debida proporción co orzamento.

Neste sentido, a contratista constituíu a garantía adicional polo importe indicado no parágrafo anterior, mediante aval electrónico co número 9340.03.2599650-65, emitido por CaixaBank e depositado na Caixa Municipal o 23.10.2023 para responder do contrato.

14º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 11.10.2023, acordou aprobar o proxecto modificado núm. 1 “Modificado de reforma integral de edificio para centro cívico municipal en O Birloque”, cofinanciado nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020”, redactado pola arquitecta Sabina Beatriz Lucas Quintá, e aprobar, asemade, a modificación do contrato para a execución das obras de reforma integral de edificio para centro cívico municipal en O Birloque, cofinanciado nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, formalizado coa UTE Proyecon Galicia, S.A. – Cofrico, S.L, con NIF U72452952, a teor do informe emitido polo Servizo de Emprego e Empresa e o informe da supervisora municipal das obras.

Á vista destes antecedentes administrativos, procede a redacción do presente contrato, conforme as seguintes

Cláusulas do contrato:

I. Don Alberto Luis Diéguez Otero comprométese, en representación da Unión Temporal de Empresas formada por Proyecon Galicia, S.A. e Cofrico, S.L. - UTE Birloque- (U72452352), a asumir a **modificación do contrato para a execución das obras de reforma integral de edificio para centro cívico municipal en O Birloque, cofinanciado nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020**, ao ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 11.10.2023, segundo o proxecto modificado redactado pola arquitecta Sabina Beatriz

Lucas Quintá.

As obras executaranse baixo a dirección da arquitecta Sabina Sabina Beatriz Lucas Quintáns, e a supervisión municipal da arquitecta técnica municipal Isabel Rivadulla Conde.

II. O prezo do contrato incrementase en 144.307,14 € (IVE incluído), gasto imputable á aplicación 60.241.62700 do Orzamento Municipal en vigor. Como consecuencia da aprobación desta modificación, o prezo do contrato queda fixado en 929.459,55 € (IVE incluído).

III. A execución das obras comprendidas no proxecto modificado son obrigatorias para o contratista, tendo en conta que o incremento no prezo de adjudicación o 20% a que refírese o art. 206.1 da Lei de Contratos do sector público prestando a súa conformidade coas mesmas.

IV. A aprobación desta modificación, a teor do indicado no proxecto aprobado no acordando primeiro, implica o incremento dun mes no prazo de execución das obras, sobre o inicialmente fixado en seis meses.

V. O contrato para a modificación executarase conforme establece o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 29 de abril de 2022, regulador da contratación inicial.

VI. Don José Manuel Lage Tuñas, na representación que ostenta, comprométese ao cumprimento de cantas obrigacións resulten para o Excelentísimo Concello da Coruña derivadas deste contrato.

VII. Este contrato ten carácter administrativo, e rexerese polo disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, aprobados pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 29 de abril de 2022, que forman parte do presente contrato e que o contratista manifesta coñecer e acatar, o proxecto modificado aprobado en sesión de data 11 de outubro de 2023, o consignado polo adjudicatario na súa oferta e polo establecido na lexislación vixente na materia, podendo ser elevado a escritura pública a solicitude do contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. Así mesmo, o contrato queda sometido á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

E para a debida constancia de todo o convido, asíñase este contrato, por duplicado, no lugar e data indicados.

Concelleiro delegado
responsable da Área de Economía e Planificación Urbana
José Manuel Lage Tuñas
PD DA ALCALDESA

O CONTRATISTA

34975333S
ALBERTO LUIS
DIEGUEZ (R:
U72452352)

Firmado digitalmente por 34975333S
ALBERTO LUIS DIEGUEZ (R: U72452352)
Nombre de reconocimiento (DN):
2.5.4.13=Ref/AEAT/AEAT0145/PUJESTO
1/19345/31082022091118,
serialNumber=DCE5-34975333S,
givenName=ALBERTO LUIS, sn=DIEGUEZ
OTERO, cn=34975333S ALBERTO LUIS
DIEGUEZ (R: U72452352), 2.5.4.97=VATES-
U72452352, o=UTE BIRLOQUE, c=ES
Fecha: 2023.10.27 09:41:36 +02'00'

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Por ausencia da OFICIAL MAIOR